

AUTONOMIA

Vieiro cara a galeguidade

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

EN SANTIAGO

O escrutinio xeral do Plebiscito

Celebrouse o domingo en Santiago o acto solemne de facer o escrutinio xeral do Plebiscito pol-o Comité Central de Autonomía.

Tivo lugar no Salón de actos da Facultade de Meicña onde se fixo no ano 32 a Asamblea que aprobou o Estatuto e tamén a realizada para fixar a data do Plebiscito.

O salón estaba materialmente ategado con representacións chegadas de toda Galicia e moito público.

Presidiu o señor Lopez Bouza, presidente da Diputación cruñesa cos das Ourense, Lugo e Pontevedra; o rector

da Universidade, os alcaldes de A Cruña, Vigo, Lugo, Santiago, o gobernador de A Cruña e outras representacións.

O señor Lopez Bouza dirixiu unhas verbas ao público, despois de que a Banda Municipal executou o Himno de Riego, nas que logo de facer un saúdo aos asambleistas felicítouse pol-o resultado admirabel do Plebiscito.

Seguidamente o señor Raxoy como segredario do Comité, abreu os sobres dos escrutinios de cada circunscrición que arrojan o seguinte resultado xeral en toda Galicia:

- Censo de electores, 1.343.135.
- Número de votantes, 1.000.963.
- Electores que votaron SI, 993.351.
- Idem que votaron NON, 6.161.
- Idem en branco, 1.451.
- Quorum en toda Galicia, 895.423'32.
- Exceso de votos favorábeles ao Estatuto, 97.927'68.

Despois de dado a conocer o resultado, o Presidente pronunciou unhas novas verbas e o público acolle o resultado con entusiasmas vivas a Galicia á República e a o Estatuto.

Fala logo o señor Raxoy para referirse á labourea realizada pol-o Comité en todo tempo e felicitar o resultado dos seus traballos. Refírese facendo un chamamento de cordialidade ao sector que non se manifestou entusiasta do Estatuto para que depoña a súa actitude antipatriótica e os seus deputados colaboren tamén no Parlamento para que o noso Estatuto se aprobe rapidamente no Congreso e pola unanimidade de todol-os sectores políticos.

Falan despois os señores Adrio, por Unión Republicana;

Bergueiro pol-os Sindicatos agrarios de Tabeirós; Filgueira Valverde, por Dereita Galeguista; Marcial Fernandez, polo Partido Socialista; Rey Barral, como asambleista; Dopico, por Izquierda Federal para expresar todos o seu entusiasmo pol-o resultado do Plebiscito e indicar a necesidade de que sexa levado o Estatuto rapidamente a Madrid. Remata esta parte con un vibrante discurso de Bóveda pol-o Partido Galeguista que é acollido con unha gran ovación e vivas entusiasmas a República e a Galicia libre.

Acórdase conceder un voto de confianza ao Comité Central para que sinale a data pregándolle que sexa con toda urxencia.

Remata esta primeira parte

cantándose o Himno Galego por todo o público en pé e no medio de enorme entusiasmo e fervorosa expresión de galeguidade.

A sesión da tarde

Pol-a tarde ás catro celebrouse unha nova Asamblea con o xeto de dirixirse a Bos Aires pol-a Radio dando conta aos emigrados do resultado do Plebiscito. Despois de tocar a Banda Municipal os Himnos arxentino, hespañol e galego pronunciaron emocionantes verbas pol-o micrófono o rector da Universidade, o irmán Casal, alcalde de Santiago.

Os tres en galego. As ovacións do público foron calurosísimas. Un afinadísimo coro de Santiago rematou o acto cantando o Himno Galego creado pol-o público que ao final porrumpiu novamente en estruendos vivas e ovacións afervoadas.

Xuntanza do C. Central

O Comité Central ficou reunido para acordar a data ficando sinalada a do día 15 dos correntes en que o Comité Central en pleno, os deputados galegos, as representacións dos partidos políticos e entidades que tiveron relación coa obra plebiscitaria entregarán en Madrid ao Goberno o Estatuto Galego para o seu estudo e aprobación pol-o Parlamento da República derradeiro trámite constitucional para que se convirta en Lei e poida ser imprimado.

O Comité dará a este acto da entrega a solemnidade que requir tan histórico acontecemento e con tal motivo orgaizaranse excursión a Madrid de diversas maneiras que levarán gran cantidade de galegos aos que se sumarán os residentes en Madrid que como fixeron no acto do Plebiscito colaborarán agora tamén no acto da entrega.

que domearía a vella terra céltica. ¡Os tempos son chegados!

O galeguismo é o conductor dese sono poético e popular. O seu intérprete. O advenor de todas as súas modalidades, da cultura, do espírito, da lingua, da arte: da reconstitución nacional de Galicia. Os tempos son chegados!

Xa os bardos, fillos do pai Breogán, profetizaran iste «Ser», iste xenio da Santa «Gallaecia». E despois, tamén, o gran Profeta da Patria céltica—Pondal o Profeta da galeguismo de hoxe—o tiña clamado ao pronosticar o advenor desta etapa histórica que agora comenza.

Era o vello evanxeo das nosas tradicións que se facía carne de futuro. Ise que coñecían as añasas capas populares do noso país que non tiña leixado de latexar. E verdade que a alma estaba infectada de estrana imposición e doía como unha carie. Pero o galeguismo tei-

Sebastián González
Pagada - Pontevedra
Franqueo Concertado

XIRÁNDOLA

O SONO

Presencia un sono... Dous anos denantes, un ano, somentes uns meses, ningún coirdaría realizabel en prazo próximo aquíl sono entrañabel. O contrario. Despois das esperanzas alumeadas pol-a República e apagadas súpetamente cando as Constituintes cometeron o verdadeiro erro de non estruturar federalmente o réxime recién nado, todos pensamos que tiñan de vir outros vinte anos de loita. E logo, cando co trunfo electoral do 33, voltaron a gobernar os mesmos prexucios monárquicos, iguais adocementos centralistas, parellas incomprensións das arelas vidantes latexantes nos pobos diferenciados da Hespaña, a creencia en que tiñan de sucederse longos días de breiga, foi absoluta.

Incruso para nós. A diferenza estivo en que os demais abandoaron a empresa por irrealizabel e nós, sin pór ningunha esperanza próxima na súa realización, escomezamos a loita ao día seguinte, coma si tal cousa, con igual ardencia, coa mesma fé.

E foi pol-o miragre d-ista fé no lonxe, pol-o que poido conquistar a realidade de hoxe.

PELERINAXE

Campanha de propaganda—a máis formidabel campaña que viviron endexamáis as xornadas cidadáns da nosa Terra—arrincou da Cruña, que os poetas aman e rolda o mar, para rematar en Santiago, que é, pol-a Xeografía e pol-a Historia, ombigo e arquivo, aula e ara, néboa lírica e cabezal de pedra da galeguidade.

A caravana do Estatuto fixo, en vinte días, o periplo de Galicia. Parou en Lugo, que ergue o lombo milenario das súas murallas, como para abranguer a cidade. Buscou cabón no Ferrol, que abre o trunfo da súa paisaxe e a derrota da súa vida desfeita. Chegou a Ourense, que está eternamente a peinar as trenzas do Miño coas puas de pedra da súa ponte román. Dejívose en Pontevedra, fina pol-a gracia do seu nacemento e romántica pol-a gloria da súa tradición. Foi a Vigo, que atoba debaixo do seu xenio fenicio un ríspero de galeguidade.

Mais non somentes percorreu as cidades, que iso sería o de menos. A pelerinaxe a prol do Estatuto, diulle a volta ao noso agro, que é verdadeiramente o terrón entrañabel leprado pol-a contribución, pol-a usura, pol-a chaga viva do foro. E percorreu a ribeira, onde os ollos dos nosos mariñeiros, tatuados pol-a contemplación próxima de todas as traxedias, tiñan aínda que pasar pol-a de ollar sin valor e sin precio a sardiña, pescada en mouras noites inquedas, postos os pes na líquida campá do mar...

D-isa Galicia auténtica, viu a campaña a prol do Estatuto. Campaña que estivo empenachada por un pensamento patriótico, por un anxeio único, por unha arela limpa; unha Galicia aína; unha Galicia nova; unha Galicia farta.

OS LÍDERES MORTOS

Non falla, non pode fallar, n-istes intres en que o sono adquire a macía, o recordo para aqueles irmáns que nos antecederon na loita, sin que lles fora dada a gloria de abiscar ista hora pingrada de dianas inéditas. Pros Precursores, pros líderes mortos—Viqueira, Poteiro, Lousada—vai a ofrenda emocionada da nova Galicia. E de entre todos iles, por mais próxima a súa morte, porque se chuchou na loita o pábilo cativo da súa figura, rube a evocación cara a Vilar Ponte, que se nos morreu nas vísperas insospeitadas d-ista romaxe asallosa.

Compre que a todos iles, Galicia enteira lle anticipe un pouco da gratitud infinda que mañán terá de chover sobor do seu recordo, para que florezza eternamente a roseira dos seus nomes...

X. ALVAREZ GALLEG0

A dimisión do irmán Casal

Os xornaes deron xa a noticia de que o noso irmán Casal dimitiu a Alcaldía de Santiago e que, por solidaridade co il, presentaron tamén a súa dimisión todol-os xestores galeguistas do Concello Compostelán. Compre que nós poñamos ao feito algúns comentarios.

Elementos do Frente Popular de Santiago, por motivos pequenos e alleos certamente ao acerto da xes-

tión do irmán Casal, acordaron dectarar a súa disconformidade co il. O noso representante no Frente tratou de disuadil-os de tal actitude sen conseguirlo. A actitude do irmán Casal e da nosa minoría non podía ser outra: ningún galeguista vai a cárgos de responsabilidade por afán de medronín por parva vaidade. Sen a confianza de todos os nosos aliados do Frente non nos interesa detentar cárgos.

O que os nosos aliados deben meditar é se val a pena, por pequenas cousas, motivar situacións tales n-istes intres en que o que importa é traballar arreo, en boa armonía e coa mellor vontade en resolver tanto problema como hai pranteado.

Nin a República nin Galicia ganaren con que se ande a perder tempo en pequenos pleitos persoales.

Nós salvamos a nosa responsabilidade facendo istas advertencias despois que os nosos irmáns probaron coa súa dimisión que non teñen apego a cárgos que aceptaron facendo sacrificio.



FRANCISCO F. DEL RIEGO.

PROELES

A esteva da liberdade autonómica

Por imperativo de Galicia, Galicia conquistou nas furnas o punto de partida pra realizar no futuro a súa autoliberación. Os segredos fontaneres da galeguidade que corrian en máximo solipsismo pol-as entranas do país, afloraron dua xeito esgrevio por norma que o galeguismo propuxo. Que o Partido Galeguista haxa tomado dos outros partidos políticos que integran o Frente Popular, o instrumental pra isa perforación trascendente, iso é outra causa. Que nós teñamos apoiado o noso esforzo en disciplina política alleas á disciplina única da Terra, iso é outra cousa.

Tamén Irlanda e Cataluña e Fin-

landia, tiñan aberto as súas fiestras, pra que o vento d-outras políticas non patriotas, dera forzas á maternidade xestatoria das respetivas Patrias.

Por eso os galeguistas sinten a veneración fraterna da liberdade dises pobos. E ademiran o roteiro vivificador seguido nos seus movementos liberadores.

Agora xa é carne de actualidade e de realidade a vella lenda redentorista da nosa Terra. Aquéla que soio sabían denantes os campesiños das outas montañas e os poetas das nosas tradicións. Isa que anunciaba n-unha data próxima o advimento da autóctona liberdade,

Despóis de un SI e d-unha data

Despóis da data do 28, falar da Autonomía, coído que non será ningunha farfallada ou fantasmada, pois ás portas a temos, ou a política ha de ter unha reviravolta trocándose o dreito pol-o rívés.

O pobo ten posta n-ela as milliores esperanzas, e non lle falla razóns para ollar as cousas d-isa maneira. ¿Responderallé a isas esperanzas? Non dúbido que a resposta será de afirmación. Pro a Autonomía é unha cousa —para unha maoría boa— e a xente que mañán dirixa poidera ser outra. Da maneira que sexa ésta, tera de ser aquéla, porque as obras en si non son máis que produto de quen ás fai. Si fallase, pois, a Autonomía, temos que afirmar que non foi ela senón os dirixentes, e eu chámolle fallar non soio a que morra ou desapareza, senón tamén a que non dea o seu froito espiritual e económico que o pobo fica esperando d-ela. E os pobos n-istes tempos teñen pouca paciencia. Ninguén iñora o seu estado de convulsión e de fervenza a que crise económica e tratamento inxusto o elevou; posto que o fai récramar ao outro día de un trunfo, as milloras para eles xa conqueredas, e se non é así, volta p-a atrás ou brinco adiante, desfecendo a obra nos seus comenzos e que cecais foi conquerida en forte loita e pelexa.

¿Qué hai, pois, que faguei? Non vai ser cousa nova. O que compre é que mañán, cando a Autonomía comence a súa laboura, si jue nas máns dos que souperon conquerila, por que terán máis razón para saber dirixila. Isto é interesante, xa que os tempos son—sempre foron—de cobizas, pois non todos os homes labouran pol-o erguemento d-unha causa xusta e de proveito para o pobo, senón que hai algúns—cecais máis dos que nós imaxinamos—que se visten d-iste traxe para conquerir a fieza dos bos e do

pobo; pro, aló dentro, levan a manxa-deira e dalle pouco morra un ideal xusto e nobre, criado pol-os homes cobizosos do milloramento da sociedade. Si, dalle pouco, pois eles non morren; con trocar de traxe, xa os temos n-outro posto; son ises homes que van escribindo nos partidos e agrupacións aquelas históricas e embruxadas verbas: Mane, thecel, pheres.

Falo isto porque vexo moito Galeguismo—cousa que para mín, si todo fose ouro, era unha satisfacción—feito n-istes derradeiros días, e n-ista corrente de galeguedade van xuntas augas limpias con augas lodas. E moito aumento de Galeguismo, que ben pode pasarlle coma aquel de Lerroux coa República. A isto, non fai moito n-estas mesmas pranas, aludía o irmán Victor Casas. E por si lle esquencéu a él e demáis dirixentes e primeiras figuras do Galeguismo, recórdollo eu, empuxado pol-o desexo da pureza d-iste Partido e do futuro da Autonomía.

Ben; moito Galeguismo; é cousa que a todos nos dá ledicia. Moito Galeguismo pero sempre controlado polo P. G. nin que iste se misture ou disvirtúe. O Partido Galeguista ten de ser o vixilante da pureza d-ista grande galeguedade que se espallou nos derradeiros tempos; o Partido Galeguista ten de ser vixilante para conquerir que a Autonomía non a collan máns que a estraguen; o Partido Galeguista ten de impoñerse con máns rexa e forte a todo aquilo que poida desprestixiar a Autonomía, pois de fallar ista non fallan os intrusos, senón o Partido o os homes galeguistas, e entón, xa ren teremos que falarlle a o pobo aldeán, onde vivimos, de esperanzas e porvires.

Xosé GARCÍA NODAR
A Estrada, Xulio do 36.

¡¡EI TERRA!!

Ben, Galicia, miña Terra! Xa diches un golpiño, un golpiño bo e seguro na porta grande das túas liberdades. A porta fica xa aberta pol-o esforzo dos teus fillos xenerosos, que non todos o foron, pais houbos que che cuspirón á cara un NO infame, e outros que sentados impasiblemente á porta das súas casas esperaban, coma o Xudeu da lenda, a ver pasar o cadávre do enemigo. Mais, a pesar d-iso, a pesar de certos galegos desleigados que lle aprenden ós fillos o herro petulante de «¡Arriba España!» en ves de o patriótico e varil de «¡Terra a Nosa!»; a pesar dos que teñen o coñecemento estragado por isa Historia patrioteira deprendida nas escolas a meio de libros de texto «con aprobación del ordinario»; a pesar d-ises cuia vida se desenrola n-un ambiente de fanatismo enervante e infecundo, e a pesar d-ises outros que soio te estimaban para poñerche un pé na barriga e rubir ó cume das súas ambicións e logo darche catro couces en pago, a pesar de todos ises, e dos «imbéciles i-escuros», e dos mal intencionados por sistema, ¡venciches miña Terra!

Xa podes levantar a fronte ao mundo trocando aquel deixo de malencónia que n-outroira ferira as cordas da lira da nosa Santa padronesa por un rictus de ledicia e d- esperanza.

Hoxe cántanche albricias os teus poetas, nimbate a lus de ridentes alboradas, coroate o ceo d-estrelas e

ríndenche os teus bos fillos un home xe fervoroso.

Tamén eu, loitador escuro e solitario que fai por riba de cinco lustros veño dando n-unha modesta follá francadas orreo á conciencia adormecida dos «féridos e duros», collo nos teus campos orballados rosifnas brancas e azúes para tecerche una coroa que poñer os teus pés.

Mais, unha tristura fonda me ven a empanar a ledicia d-este día: Que aquel loitador xúrdio e por escelencia xenoroso, aquel Villar Ponte inesquecible que che adicou o millor da súa vida e que sempre tivo para mín agarimos coma para todos os que fixeron do teu amor un culto afervoadado, non poidera ver o teu trunfo. Arrinca, miña Galicia, unha mancha de rosas no mais fresco e puro dos teus verxeles e seméntaas sobre a foxa en que descansa.

¡Xa eres libre, miña Terra! Cúbrenos a todos co teu manto de lús e que ela nos alumee para seguir abrindoche os camiños do futuro. Pro, ten sempre o pé disposto para sacudir as sabandixas noxentas que se cheguen a empanar a túa gloria.

¡¡Ei Terra!!
KEN KEIRADES

FRANCISCO Barreiro Salas
Perito Agrícola
Santiago

FENESTRA

Agora que xa a cousa pasou o sobor todo non tivo as tráxicas consecuencias que cheguei a temer, heivos de confesar que dias antes da celebración do Plebiscito, temín, con temor arrepiante, pola súa sorte.

O motivo foi que o Comité provincial do Partido Radical de Pontevedra publicou o viernes anterior ao Plebiscito—dous dias antes como si estiveran arteiramente agardando para apuñalalo—unha nota na prensa na que definián a súa posición os restos do emilianismo pontevedrés.

Unha posición crara e rotunda. Opoñíanse ao Estatuto entre outras razóns porque o Goberno non restabrecía as Garantías, porque o Estatuto siñificará—según eles—unha alegre distribución de cárragos ben retribuídos e tamén porque pode favorecer a unha determinada cidadade galega perxudicando ás actuaes capitaes de provincia.

Fixádevos que as razóns son poderosísimas e de verdadeiro empuxe. Sobor todo a dos cárragos ben retribuídos. Esa afirmación en boca de un radical é unha verdade evanxélica, Ninguén no mundo ten a autoridade que eles teñen para saber d-estas cousas.

Eu, repito, tremel pol-a nosa autonomía. Non llo dixen a ninguén pero o pánico que sentín foi inenarrabel. Como non se podía aprazar e ademais eu non tiña autoridade para facelo agardei latexínte o resultado e podedes supoñervos a lousa que tirei de enriba do meu espírito cando soupen o resultado favorable.

Xa máis tranquilo e xa seguro do trunfo analiceí novamente a nota-bomba, o artefacto posto na porta do Plebiscito para a súa destrucción.

E foi entón cando ollei craro. Aquelo das Garantías non tiña importancia. O Goberno restabrecéunas o mesmo día que se publicou a nota. O das capitaes de provincia tiña algunha pois verdadeiramente vai ser unha pena que cando esteña imprantado o Estatuto non poidamos ter gobernadores como o que tivo Pontevedra na gloriosa etapa radical e pol-o que atingue ao dos cárragos lonxe de ser un argumento antiautonomista era todo o contrario pois si fose certo, os radicales, ou non hai lóxica no mundo, serían os máis fervorosos partidarios do Estatuto.

Hoxe respiro tranquilo pero o medo que pasei foi dos grandes.
V.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:
DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA
PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO
D'A NOSA TERRA.

NOTAS DO PLEBISCITO

O DIA DO LAURO

Gracias ao grupo enxebre de cidadáns moi galegos que levaron toda a carga da campaña propagandista en pro do noso plebiscito, enterouse Madrid enteiro, de que Galicia erguíase cal outro novo Lázaro, rompendo o sudario da vella modorra, pra conquerir o que é seu, a liberdade que lle roubaron fai séculos.

E ben certo, que pra as loitas mozas, non hai impedimento algún, o digo pol-os que constituiron o Comité eiquí na capital da Castela, que a forza de aldobonazos, despertaron o ánimo de moitos compatriotas nosos, indeferentes, contaxiados cecais, pol-os de perra voluntade, que por comenencias particulares antepoñen os anxeos de liberación que sinte a nativa terra.

As nove da mañán do domingo derradeiro, constituíronse as mesas da votación, e aisa mesma hora, saliron varios autos pol-as rúas cheas de xente n-istes momentos que saludaban con entusiasmo que nunca vin, as bandeiras hespañola e a branca e azul, e festexaban os carteles alusivos á cativera raza caciquil.

Dende pol-a mañán hasta ben entrada a noite, a xente formou cola pra estampar a firma, que foi o sí sentimental da conformidade dos galegos que se encontran lonxe da terra.

As firmas recollidas, chegan a unhas trinta mil.

Mentras tivo lugar o que dimos en chamar votación, foron moitas as notas cómicas e simpáticas, unha de elas, a presenza de fermosas raparigas, que con a súa firma contribuíron ao gran éisito.

Desde logo poide decirse, que todas as clases sociaes da Galicia que teñen a súa vida en Madrid, estamparan a súa firma en favor da xusta causa galaica, entre iles, moitos que brillan con lus propia, nas artes e nas ciencias.

A nota da tarde, que nos fixo mollar os ollos, foi a presenza de un ceguño, que lembrando sentimentos n-esta data do lauro pra o inicio do resurxir da patria de Breogán, quixo con un selliño que levaba a súa firma e rúbrica, estampalo no pliego que lle puximos diante.

Basta xa, ¡Albricias! e ollemos os dourados raios do sol que empezan a lumear, deixando de chorar nosas doenzas enriba dos dolmenes celtas. ¡Adiantel seguindo a elipse que vai pra o progreso da patria, tendo coitado cos ventos feros que veñan do campo caciquil, non desfagan a nosa obra, como pequeno arbusto que temos que tremar.

MANOEL A. REI.

En Castela, mes de San Xuan do 1936.

Regramentos para os Grupos

Como tiñamos anunciado en número anterior, a Oficina do Partido imprentou unha cantidade de Regramentos coa correspondente copia e Acta de Constitución para facilitar a laboura dos novos Grupos galeguistas en formación.

Foron remitidos varios exempraes d-eles aos Grupos de A Cruña, Ourense, Lugo, Vigo, Santiago e Ferrol con ouxeto de utilizalos para os Grupos que n-aquelas zonas están formándose.

Os Grupos que necesiten ter no seu poder algún para servir aos que se constituían na súa demarcación deben solicitalos da Oficina cuia remesa se lle fará de contado.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

COMENTARIO

A misión dos galeguistas n-ista hora

Endexamais na vida de Galicia, houbo orgaización popular que contase con máis simpatías, espalladas, que o Partido Galeguista n-iste intre. En calquer acto que se anuncia a persencia d-un representante seu, a opinión, que ten sempre unha intuición acusadísima do que somos úns e outros, acólleo coa máisima simpatía e agarimo. Tal cousa énchenos de ledicia aos que moitas vegadas fumos ouxeto de mo f a s por chamarnos galeguistas, cando o galeguismo non tiña a posibilidade, pra os imbéciles, de ser algo que os barrese a todos da vida pública da nosa Terra. Pero isto leva consigo unha fonda responsabilidade moral e material: A de responder con feitos a isa simpatía e fé nos nosos valimentos en pro de Galicia.

Parellas ás simpatías camiñan os nemigos intrasados, ises que xa empezan a darse conta do que ven detrás d-eles. Armémonos en contra súa porque traballan de duro pra impedir o noso crecemento. Nono conquerrán ao lonxe, pero si de momento, e o noso pobo ten fame e agarda—leva agardando catro séculos—unhas máns amigas e coñecedoras das suas traxedias que o axuden a sair da situación en que se atopa. E por outra parte urxe que cada Grupo Galeguista se convirta dende iste intre, n-un laboratorio onde todos xuntos, se estudien as necesidades e posibilidades de cada pobo, eistruando as iñormas que teñen de ser o guieiro da nosa actuación; reforzando as orgaizacións, facendo outras alí onde non as haxa, e n-unha verba preparándose pra grande empresa de transformar a Terra do que hoxe é en algo millor e máis humán. O trunfo d-unha idea requir pra aqueles que o conquiren sacrificios e desvelos inmensos, porque aquilo que reciben non é d-eles. E dos Precursores que no la deixaron como tesouro sagro do seu talento, e dos que nos sigan, que nos pedirán contas estreitas do que fixemos e deixamos de facer.

Cando se pide a un pobo o seu apoio debe dárselle en troques todo canto se téñ. Nós os galeguistas, aínda non llo pedimos de cheio pra nós. Imos a pedirlo moi logo, e entón é a ocasión de amosstrar que o merecíamos, que iso é en fin de contas a máis nobre ambición que alenta aos homes que actuan na vida política dos pobos. A prepararnos pois con todo entusiasmo, que temos diante de nós a belida empresa de axudar a facer unha Patria nova, o herdo máis fermoso que podemos deixarlle aos nosos fillos.

XOHÁN A. SUAREZ.

Sada, Xulio do 1936.

LIÑAS DE LOITO

En Buxán (A Cruña) acaba de morrer o noso estimado irmán Manoel Rodríguez entusiasta e fervente galeguista antigo que ten loitado decote pol-o trunfo do noso ideal n-aquelas terras.

Era irmán de sargue e persamento do irmán Ramiro Rodríguez a quen como á súa estimada familia enviamos o testimoño do noso sentimento pol-a perda do galeguista que se nos foi.

CAFÉ
GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

La Erizana

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construccions
ESPECIALIDAD EN MACHIEMBRADOS
Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a Román Martín. - Telefono 1657

COMITÉ EXECUTIVO

Preparando a V Asamblea do Partido

Conquerido tan brillantemente o éxito do Plebiscito—no que ao noso Partido corresponde—parte tan principal—tiña de ser preocupación máis inma do noso Comité a preparación da próxima Asamblea do Partido.

Tendo en conta que, unha vegada que seña presentado no Parlamento o noso Estatuto, a súa aprobación e a súa posta en marcha non han facerse agardar, na nosa V Asamblea non somentes deberán tratarse os puntos de orientación política, revisión do Programa, organización do Partido e propostas dos Grupos que se estudan en todas, senón tamén, neste caso, todo canto faga relación ás liñas xerais e aínda ás bases concretas que o Partido Galeguista ha de defender na Asamblea de Galicia cando ésta se xunte para dictar as leis complementarias do Estatuto.

O Partido Galeguista, que nos derradeiros tres anos veu tendo tan importante papel na orientación da política republicana galega, ten agora un papel rector e unha responsabilidade maorea aínda, das que non debe, nin pode, nin quere, abdicar. E para desempeñalo precisa demostrar a súa capacidade e preparación.

Velahi por que na derradeira xuntanza celebrada polo noso Comité Executivo se consagrou atención preferente a canto fai relación coa mellor preparación da nosa V Asamblea.

Quedou determinado en principio demoral-a deica fin de setembro para que de tempo de que as ponencias que han ser nomeadas axiña poidan presentar a ela labourea seria e meditada sobor da que, sen presas perxudiciaes, se manifesten os nosos Grupos.

En troques, o día 26 do mes corrente, celebrárase unha importante xuntanza de Consello na que ficarán determinada a orde do día da Asamblea e distribuídas as ponencias. Os Grupos deben mandar, antes d-ise día, as súas propostas para que poidan ser examinadas polo Consello e incorporadas aos seus traballos.

A Segredaría de Organización está xa cursando as correspondentes convocatorias.

Ningún Grupo nin irmán pode descoñecer a fonda importancia da labourea que se prepara. N-istes intras, a opinión agarda con intrés e curiosidade o noso actuar. Compre que seipamos estar á altura da responsabilidade contraída e non a defraudemos. Compre que a labourea realizada na nosa Asamblea seña exemplo aleccionador para todos e motivo de esperanza para o noso pobo. E mester que seipamos actuar de proel e guieiro no camiño, cheo de traballos e obstáculos, que nos agarda.

Irmáns: ¡Adiante n-ista nova xeira a prol da Gran Obra de Reconstrucción de Galicia que nos agarda!

GRUPO DE RIBADAVIA

En xuntanza xeral do día 1.º para constituir legalmente este novo Grupo galeguista, foi elexida a seguinte xunta directiva integrada por entusiastas galeguistas:

- Presidente, Francisco Gonzalez Barreira.
- Vice, Xosé Lira.
- Segredario, Bernardino Graña.
- Vice, Delmiro Freixido.
- Tesoureiro, Benito Rosendo.
- Vocaes: Xosé Lea, Leandro Cortés e Cesáreo Alvarez.

Grupo de Beade (Ourense)

Este novo Grupo do Partido que ven de se constituir recentemente, desinhou a súa directiva composta polos irmáns seguintes:

- Presidente, Xuán Amil Barros.
- Vice, Manuel Nogueira.
- Segredario, Xesús, Raña Espiñeira.
- Tesoureiro, Xesús Gómez Casal.
- Contador, Emilio Rivara González.
- Vocaes: Luis Azores, Luis Blanco e Xosé Alvarez.
- Idem suprentes: Rosa Rey e Isabel Dominguez.

PENSION COMPOSTELA

Avenida de Eduardo Dato, 25 2.º

MADRID

¡Eis a pensión dos galeguistas!

OS TEMPRANOS DE EIRIS

Cuarteto para Festas e Romaxes
EIRIS, 39
A CRUÑA

Gran mitin galeguista en Bergondo

Con motivo da inauguración oficial da «Sociedad Bergondo e seus contornos», celebrárase o domingo en Bergondo un gran acto galeguista, ao que asistirá o Gobernador Civil da Cruña.

O acto dará comenzo ás cinco da tarde e farán nel, uso da palabra, o Profesor das Escolas de Sada e seus contornos, e os nosos irmáns del Riego e Suarez Picallo. Asistirán total-as Sociedades da Comarca e os nenos de total-as escolas circunveciñas.

A eispeitación e o entusiasmo son enormes, ante o anuncio dista gran festa de galegitude. As asociacións de emigrados terán, tamén, n-ela, unha cumprida representación.

Grupo de Xinzo de Limia

Os antigos galeguistas residentes en Xinzo de Limia veñen de constituir legalmente o Grupo que en xuntanza feita o día 2 dos correntes desinhou a directiva integrada polos entusiastas irmáns seguintes:

- Presidente, Urbano Romero Pelaez.
- Vice, Rudesindo Perez.
- Segredario, Luis Seixo.
- Tesoureiro, Luis Barbe.
- Contador, Anxel E. Martinez.
- Vocaes: Manuel Miguez, Xosé F. Quiroga e Xerxio Vázquez.
- Idem suprentes: Leopoldo Romero e Camilo Rico.

IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Política provincial e municipal

Fai tempo que tiñamos propósito de crear unha Sección na que poidera recollerse a labourea que nas Corporacións provinciais e municipais veñen realizando os xestores galeguistas.

Angueiras diversas impediron que realizásemos o noso propósito; mais era firme e decidido, e non renunciamos a il. A partir do número próximo, iniciaremos, pois, a Sección referida cos elementos de que dispón a Redacción.

Seria da maior comenencia que todol-os irmáns xestores remitisen axiña resúmenes da súa labourea nas Corporacións respectivas, así como copias das súas mocions, acordos, etc., máis importantes, para que poidan ser traídos a istas columnas e debidamente comentados.

Hai moito aínda por facer nas nosas Corporacións e o xa realizado pode e debe servir de estímulo i-exemplo.

Seminario de Estudos Galegos

O domingo derradeiro saíu para Fisterre a octava Misión de investigacións do Seminario de Estudos Galegos. Van n-esta nova xeira de investigación pol-as terras de Fisterre os presidentes de total-as seicións de que se compón o Seminario e gran cantidade de rapaces axudantes na labourea a facer durante os oito días que durará a xeira.

O Seminario proiecta que a Misión deténhase en Cee dous días e continúe despóis pol-as terras de Nemanco, Soñeira e Bergantiños realizando unha «prospección» para o traballo definitivo das campañas próximas.

Según acordo tomado na derradeira xuntanza da Comisión directora, a seición de Pedagogía deixará como lembranza do seu paso pol-as escolas visitas unha pequena biblioteca galega na que figurarán obras de Castelao, Cabanillas, Otero Pedrayo, Acuña Correa Calderón, etc., e unha selección de líricos galegos.

Esta nova xeira do Seminario acadará o intrés e importancia que tiveron xa as feitas en Melide e Lalin.

OLEXIO LEON XIII

VILAGARCIA

R. GONZALEZ PASTORIZA

Abogado

Vigo

VALENTIN PAZ-ANDRADE

Abogado

Vigo

IV Setmana Cultural Valenciana

Acompañado d-unha carta na que manifesta entusiasta embora ao Partido Galeguista polo triunfo do Plebiscito temos recibido o Programa da IV Setmana Cultural Valenciana organizada pola revista de cultura «Proa» que damos, sin traducir, a continuación.

A NOSA TERRA corresponde co mesmo entusiasmo aos irmáns de Valencia desexando un rotundo éxito para Setmana Cultural e renovando a arela do triunfo dos ideaes valencianistas que non tardarán en plasmarse n-un Estatuto que conceda a autonomía a esta nacionalidade.

Distingit senyor: Del 26 de Juliol al 2 d'agost i dins del Programa Oficial de Festes que organisa l'Ajuntament de Valencia, es celebrará enguany la IV SETMANA CULTURAL VALENCIANA. Al Prende PROA al seu càrrec la preparació dels actes culturals de la SETMANA, ho fa dins de la trajectòria senyalada en els anteriors anys i amb el propòsit de reunir almenys la cooperació entusiasta de tots els valencianistes. Aspira, per tant, a que les jornades de la Setmana, consagrades als temes fonamentals de la vida cultural valenciana, esJevinguen una manifestació pletórica de les nostres possibilitats i de les aspiracions que sentim en relació al conreu del propi esperit.

Estudiar, posar de manifest els aspectes característics de la vida d'un poble, fent-li cobrar relleu a la vista dels que el constituïxen, sempre és una tasca noble i enlairada, perquè dignifica a aquells per la consciència i els incita com a fills d'una comunitat espiritual, potser desconeguda, però no inexistente, a treballar per ella mateixa i per aportar al món l'accent inconfundible de la nostra pròpia manera d'ésser. Però quan hi ha a més un sentiment polític, quan enduts per una orientació general de la Península, es pretén recobrar drets de govern, ben legítims, cal que aquella tasca es realice intensament, ja que el dret a governar se no pertany a les collectivitats amorfes, sinó als pobles amb esperit desitjos de llibertat.

Es per aixó que PROA reprén l'organización de la Setmana Cultural Valenciana, i amb un criteri d'amplitud crida a tots els valencianistes, a tots els patriotes, als amants de la cultura valenciana, als que senten aspiracions d'autonomía, per a que col·laboren en la nostra tasca, enviant-nos la seua adhesió, cas que no els siga possible assistir, o sollicitant targes d'assistencia, que els seran facilitades.

El Programa, encara no del tot enllestit, será el següent:

Dumenge.—Acte solemne d'obertura de la Setmana, en el qual intervinen representants de Castelló i Alacant i autoritats valencianes.

Dilluns.—DIA DE LES LLETRES I LES ARTS: Inauguració de la Taula de Poesia.—Conferència sobre literatura. Homenatge a Llorente i Querol amb motiu del Centenari.

Dimarts.—DIA DE L'ENSENYANCA. Pel matí: Preparació d-una llicó pràctica a càrrec del Seminari de Pedagogia.—Com es fa una revista infantil segons el sistema Freinet, pel mestre senyor Antoni Porcar.—Inauguració d'una exposició de material escolar.—Per la vesprada: Desenvolupament de de la llicó pràctica a càrrec del Seminari de Pedagogia.—Discussió lliure i controlada per una mesa sobre procediment, mètode, material, etc., emprats en la llicó pràctica.—Conferencia per l'Inspector senyor Senent Ibáñez.

Dimecres.—DIA DE LA LENGUA: Mapa lingüístic, pel senyor Sanchis Guarner.—Curset del Professor del Centre de Cultura, senyor Carles Salvador.

Dijous.—DIA DE LA HISTORIA: Visita als Arxius i Museus.—Sessió organitzada pel Centre de Cultura Valenciana per a tractar del Centenari de la Conquesta.

Divendres.—DIA DE LA MUSICA: Conferencia.—Concert de composicions corals.

Dissabte.—DIA DE L'ECONOMIA. Pel matí: Visita.—Per la vesprada: Conversa o sessió sobre el tema: «Bases per a una cultura económica valenciana», amb la cooperació del Centre d'Estudis Econòmics.

Dumenge.—Clausura. En espera de la seua adhesió el saludem ben atentamente: El President, Nicolau Primitiu.—El Secretari, A. Pizcueta.

UNHA POSICION CRARA

Eu confeso que tamén, como algúns máis, participei da creencia de que as dereitas galegas diante do Plebiscito do noso Estatuto haberían de adoptar unha posición que as rehabilitase un pouquiño, que boa falla lles facia, diante da opinión pública galega.

Coidei que, anque non fose máis que por unha soia vegada, vendo os cousas que andan a acontecer por Hespaña adiante e tratándose de conquistar unha arela de Galicia que poida poñela en salvo de moitas contingencias, as dereitas de Galicia haberían de ter un intre de reflexión e cordura e saberían axeitar unha postura de comprensión.

Máis non foi así. Xordamente fixeron canto poideron por ver de malograr o triunfo. Manifestáronse, por medio da súa prensa, contrarias ao Estatuto. Esgrimiron os tópicos de sempre. Mentiron. Pretenderon birtar importancia ao Plebiscito. Apelaron aos seus característicos procedimentos. N-unha verba: nin siquera n-esta ocasión souperon buscar unha posición que os redimira. Portáronse como sempre. E si non fixeron máis foi porque non poideron.

Habería de producirse, cousa na que non creemos, unha situación política favorable a elas e indefectiblemente reproduciríase o sucedido no bienio en que elas gobernaron. Furtarían a autonomía de Catalunya, non concederían o Estatuto vasco, o galego durmiría o sonos dos xustos.

Sempre agardamos das dereitas galegas, ollando imparcialmente a súa actitude, esta tradicional incomprensión e cerrillidade. Ocasión tiveron agora de actuar d outro xeito. Non o fixeron. Logo xa non hai dúbida do que Galicia pode agardar d-elas. O mesmo trato que recibeu eternamente. As dereitas galegas son eisactamente iguaes ás hespañolas. Que é canto

se pode decir para calificalas. Diante d esto teñen razón os que pensan que a implantación do Estatuto galego ten de ser obra das esquerdas. Para que non se birte e poida rendir o que compre que rinda.

Por ser de razón as dereitas galegas están incapacitadas para intervir na estruturación autonómica de Galicia e por instinto de conservación e defensa dos auténticos postulados autonomistas temos que nos poñer en garda contra as súas asechanzas.

EU.



MANOEL GÓMEZ ROMÁN

Arquitecto

Vigo

Vda. de Fío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado FLETAMENTOS, CONSIGNACIÓNS, TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO APARTAMENTO NÚM. 3

Redacción - Administración:
 Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra

SUSCRICIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.

Número solto: 15 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX Galicia, 10 de Xulio do 1936 Núm. 421

- Declaración de principios do P. G.**
- I. Galicia, unidade cultural.
 - II. Galicia, pobo autónomo.
 - III. Galicia, comunidade cooperativa.
 - IV. Galicia, célula de universalidade.

CARTA DE GOTTINGEN

Ideario galego

VERBAS DA HISTORIA

Se os pobos son «seres orgánicos» e sua millor definición está nas características físicas e espirituais que lle son propias, os galegos, certamente, estamos moi lonxe dos andaluces ou dos casteláns, que a iso é ao que moita xente chama «ser español». Máis o problema do «ser español», díxome alguén que moito eu quero, ¿non será unha lenda máis, intelixentemente inventada?

Eu coido e asíñ llo dixen a ise caro irmán, que existe unha hispanidade, elaborada no tempo e na Historia por loitas, axudas e comunidades xeográficas dos pobos que formaron a Península. Pobos que coincidiron moitas veces, no intrínscico histórico, ou no comercial, e que ao faguerse no século XV a «unidade política española» tiveron por Norte aquela intelixente vontade imperial dos Reis Católicos. Entón o pasado de préstamo de sangue, e de cultura, devéu unha estrutura política, boa pra o intre aquí máis infortunada cando quixo impoñer, pra sempre, o espírito e máis verbo de Castela ás máis vellas e gloriosas nacións, de Ibéria, sobor d'unha alianza sinxelamente administrativa e militar.

E o nacente Imperio, ben ollado e ben feito pra darlle formas perdurables ás arelas da catolicidade, en ves de adicarse a xuntar os intereses, e o sangue dos pobos da cativa «Alianza» foi a derramarse nas Américas, e a derramar aló un pouco de cada nacionalidade peninsular pra dar nacimiento á verdadeira hispanidade...

Pro isto, ao meu xuício, foi se o prólogo da maior gloria da Hespaña, o prólogo tamén da súa ruína política.

E aconteceu que a Galicia, que tiña as suas irmáns xemelas en Portugal primeiro, e logo noutros pequenos pobos célticos, entrou «a servir al rey» dándolle coma infelís soldado, o corpo, e recibindo en pago «moita leña». A nosa Terra entrou a servir servilmente empresarios extranxeiros. O millor foinos roubado—o imperio da lingua—ou cegado pol-a forza e a inxusticia.

Sant-Iago sufriu a venganza das outras diócesis. Os portos galegos non tiñan outro destino que o «de embarcal-a xente pra as guerras ou comenencias do novo Estado». E, xunto disto, a Xusticia a Administración, a cultura, e máis a inxenidade do país, caía en máis incapaces de entender o noso goberno, de respeitar a nosa tradición e os bens conquistados prestixios seculares. Dende o século da «unidade hespañola» o noso sino foi darlle a Castela os milllores brazos pra traballar, os milllores frutos pra apartarse, os milllores inxenios—como Lemos e Gondomar—pra picar os pleitos do Imperio, os milllores soldados e mariñeiros, pra dirixir ou loitar nas Armas dos Señores e Corte, os cartos dos tributos onerosos, pra encher as arcas da Católica Maxestade...

Esquecéndose que «éramos un pobo, e que tiñamos necesidade de goberno, de administración e de cultura», desarticulábase a pequena economía nosa, administráronsenos cos ollos postos en Castela, destrozouse a lingua e sumiuse ao país n'unha bárbara incultura.

Ren se fixo por Galicia, —salvando un pequeno tempo do século XVIII— pol-o seu futuro, pol-a sua prosperidade. Unha verba eisiste xa pra calificarnos, «la Cenicienta». O Panorama da hispanidade foino fadall. Cinco séculos de miseria e incultura dállle as gracias ao Centralismo e á chamada «unidade hespañola». Isto é, nin máis nin menos, perdonando a terminoloxía, un crimen do Estado.

Tarde vin a entender a santa protesta d-aquiles poetas loitadores do século dezanove... Eran algúns d-eles, deses ñorantes que están máis perto da Verdade, de cativa Eslática máis de Ética sen par.

E sin querel-o, isa política aldraxante do Centralismo viña a robustecer o «feito diferencial» deixando nosa comunidade nun tráxico isolamento, nun íntimo desespero redentor...

Eisí non se perdeu o espírito da tradición verdadeira—que ficou no agro, nas aldeas—; eisí non morreu a dór fecunda que ña a oír o noso Renacemento, Eisí a lingua non perdeu a sua esencia, o seu deixo, poético, campesino, aínda que non se conoscesca na Escola, no libro e na Universidade. Eisí os ollos non deixaron de miral-o mar e os beizos de cantal-o. Nin se perdeu o anxeio de emigrar e de espallar a raza o sentimento pol-os catro puntos cardinaes. Eisí naceu a arela dun novo sono en liberdade, d'unha Patria forte conquistada e redimida pol-os seus propios fillos!

XESUS NIETO PENA.

Alemania, Xunio 28, do 1936.

Certa prensa de Madrid—¡cál había de ser!—permítise opinar encol do Estatuto galego, facéndoo sin ter a menor noción do asunto nin gardar as consideracións que meresce Galicia.

Non pague a pena de indinarse. A súa actitude non fai máis que afirmar a necesidade urxente de conquistar a Autonomía.

Estetóscopo

Cando moitas xentes se preguntan hoxe o porqué desa nemiga furibunda da prensa dereitista á nosa carta autónómica, esquecéndose de que os xornaes monárquicos e monarquizantes son outavoz vivificador da auténtica tradición hispana. Cando algúns inxenuos se asombran de que na nosa propia casa xurdan berros colonizadores contra da nosa autodeterminación política, non se decatan de que son o espírito imperialista de Hespaña que loita por manter o seu inquerito de domeadora de pobos.

Si amigos de Galicia, todo ise desexo de que a salvación de Hespaña atopábase «na liberdade» que vai dende as cortes de Cádiz deica a trenza incombustible de Echegaray, cumia nista heterodoxia liberal de arredarse do Estado, de Cataluña, de Vasconia e Galicia, fillas de nai, cuio asento reside nos Estatutos.

Si galegos irmáns, total-as con sabidas aseveracións de que a salvación de Hespaña estaba «na política indíxena» que van dende Villalar deica os estigmatizados dos Austrias e dos Borbóns, cumia niste emanciparse de tutelas alleas das nosas respeitivas Patrias.

Si eu me atrevo a defender agora as ideas pornográficas do Director rioxano de «El Ideal Gallego», é pol-a xustificación histórica do seu proceder. Si en gracias a éla recoñezo a nosa superioridade de pobo colonizado non é por vanidade nin por insensatez, abondábame ollar que o país dormia na placidez canonxil dos seus rectores, e a miña adhesión se tería sofocado. Pero non, o novo mentor que nos chegou de Logroño, afirma que Galicia é incapaz pra ser gobernar de seu, i-eu creoo. Que a Nosa Terra non sinte un desexo de liberdade, i-eu ademitoo. Que a Patria Galega posee unha íntima satisfacción cando a eisplotan caciques e maragatos, i-eu non o dubido. O que me somella imposible é o cretinismo espiritual dun pobo que aínda non fixo emigrar de Galicia ao derradeiro colonizador periodístico que ven a insultar impunemente nos seus propios fuciños.

SOLOVIO.



LECTORES:

QUÉN QUEIRA UN TRAXE BÓ, XEITOSO E QUE LLE CUSTE POUCO DIÑEIRO, QUE O FAGA NA XASTRE-RIA DE

Xosé Varela da Costa

14 DE ABRIL, 16 (perto do Tamberlick)

VIGO

PARA OS GRUPOS

O Día de Galicia

Próxima a data da celebración do Día de Galicia compre xa que os nosos Grupos se dispoñan a orgaizar os actos con que ha de ser festexado este ano o Día da Terra. Este ano ha de acadar a resoancia que é obrigada pol-o resultado do Plebiscito que dona a Galicia a seguridade de abranguer a súa Autonomía.

Independentemente dos actos que ha de orgaizar o Comité Executivo do Partido—o mitin das Arengas e algún acto máis de transcendencia—os Grupos deben preparar grandes festas de xúbilo e ledicia populares. A mesma actividade desenrolada por eles na laboura plebiscitaria debe manifestarse agora para encher de entusiasmo galeguista a todo o pobo de Galicia que renasce unha nova vida. Que o Día de Galicia sirva para que todo o noso pobo exprese de xeito fervoroso o seu entusiasmo e a súa galeguidade.

Unha cousa que han de facer todol-os Grupos é preparar a confeición de bandeiras galegas para pendurar nas casas particulares e ademais que cada Grupo que aínda non a teña se faga coa bandeira que todo Grupo debe ter. Xantares, festas típicas, concursos de gaitas e bailes, concertos de música, certamens literarios, mítines, espallamento de follas con poesías e traballos dos precursores e todo canto se lles poida ocorrer para que en cada curruncho do País se celebre, en máis ou menos proporción, a data.

Grandes letreiros de lenzo a imitanza dos que se puxeron para o Plebiscito deben pendurarse nas rúas e nas estradas con alocucións e textos que manifesten o carácter popular e ledicioso da data do Día de Galicia.

O Comité agarda de todol-os Grupos desenrolen unha gran actividade i-entusiasmo na conmemoración este ano do Día de Galicia.

O CAMIÑO REDIMIDO

Pasou bilante, asoseg da e grave de lembranzas e futuros a xornada do Plebiscito. D-un canto a outro canto da Terra de Galicia, as notas do himno de Pondal afondaron presenzas, eisaltaron deberes. Cidades e vilas, campías e ribeiras, agras e beiramaras vibraron co mesmo conteste entusiasmo detremiñando c-un «Si» podente e arelado roteiro da Galicia a prol da sua liberdade.

Enxamáis facheou tan ledo o sol do San Xohán, enxamáis as nubens debrocaron sobor dor eidos patrios semellante rega xerminal.

E non foi somente o cramor dos habitantes da Galicia. A nación galega espaxada pol-o mundo sentiuse na data histórica cinguida no mesmo pular redentor, e chegaron pol-os ares, dende Madrid, dende Barcelona e París, da infinda América dourada e forte os mensaxes de axuda e de irmandade, bariles, rexos, fradernos.

Pro mañán mesmo, sen outro folgo, decorrida a xornada plebiscitar, comenza o novo e máis outo loitar. O Galeguismo forma política de Galeguidade xa non pode dudar nin transixir. Hai xentes, hai partidos e opinións que teiman aproveitar a forma do Galeguismo pra fitos que non son precisamente os fitos da Galeguidade, e hai tamén outras que diante o trunfo do 28 redoblaron as suas vellas tácticas contra a soia verdade de Galicia.

Si ao Galeguismo débese a orgaización das enerxías galegas, si seus homes viventes ou lembrados—Lousada, Viqueira, Porteiro, Vilar Ponte; gloriosas sombras conselleiras, e Risco, pensamento, e Castelao, símbolo, e Bóveda, política e acción, e tantos outros—teñen

forxado en puro anxeio céltico a nova concencia da Terra, atestora ao Galeguismo chegalle o intre máis heroico e raiolante da sua historia.

Ten de fortalecer o Estatuto cas puras esenciais galegas inxirir no carballo da tradición novas poulas, orgaizar en galego o gberno, a economía o ensino. E diante calquer perigo, lonxe de todo compromiso, traballar enroitado pol-o ideal da Galeguidade.

As mocedades da nosa Terra gardan no seu refresivo entusiasmo—a élas débese, ao seu xeneroso loitar o trunfo do 28, e deberanse os que viran despois—o espírito nacionalista das Irmandades da Fala. Pra élas á traballar o Galeguismo pois eles siñifican a futura Galicia. Sen folgar un soio día chegou o tempo de prasmir en realidade a millor parte do programa ideal do Galeguismo, con tino, con metódica e seguro pisar. Débese a tradición e ao futuro da Terra unha houzauda política por os partidos Galeguistas.

E pra todos aquiles un pouco alonxados da política chégalles a tarefa de eisaltar con redobrado pulo a lingoa e a cultura galegas.

Que, cada día a partir de iste día do mes de San Xohán inspire a todos a palabra dos precursores.

R. OTERO PEDRAYO.

GALEGUISTA:

Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoites ir ou o reexpides a algún amigo.